



**BASES REGULADORAS DOS CAMPAMENTOS RURAIS**

**DE VERÁN 2019**

**Artigo 1. Ámbito de aplicación**

O ámbito de aplicación das presentes bases serán os seguintes pobos do Concello de Barbadás: As Lamas, Barbadás, Sobrado do Bispo, Bentraces, Loiro, Finca Fierro, Parada, Piñor e O Fonsillón.

**Artigo 2. Concepto e obxectivos**

Créanse estes campamentos de verán, nas diferentes parroquias do Concello, co fin de axudar ás familias na conciliación da vida persoal e laboral durante a época estival.

Preténdese, a través de actividades educativas e lúdicas, ofrecer aos nenos/as unha opción de tempo libre positiva, alternativa e divertida, coa que fomentar neles/as actitudes e valores positivos, tales como, a cooperación, a solidariedade, e o respecto mutuo, creando un entorno educativo durante a época estival.

Favorecer o seu desenvolvemento a través do xogo, a convivencia en grupo e a realización de actividades adaptadas as súas necesidades.

**Artigo 3. Destinatarios/as**

Os/as destinatarios/as destes campamentos serán nenos/as, entre 5 e 12 anos ( a efectos do cómputo da idade deberán cumprir os anos o longo do ano 2019 ).

**Artigo 4. Número de prazas ofertadas**

As prazas ofertaranse de maneira individual en cada parroquia.

Cada neno/a só poderá inscribirse nun campamento.

Será preciso un número mínimo de 12 nenos/as para que se desenvolva o campamento.

O número máximo de nenos/as por campamento será de 20 nenos/as.





### **Artigo 5. Criterios de selección**

A orde de selección será por rigorosa orde de entrega da solicitude.

No caso de que o número de solicitudes sexa superior o de prazas ofertadas, terán preferencia:

1. Os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Barbadás.
2. As solicitudes múltiples ( dous ou mais irmáns) sobre as individuais.

Os /as solicitantes non admitidos pasaran a formar parte da lista de espera.

As solicitudes fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres. Terán preferencia os/as solicitantes excluídos/as dos campamentos de verán do Espazo Infantil.

### **Artigo 6. Procedemento de inscrición**

1. O prazo para presentar a pre-inscrición será dende o día 27 ao 31 de Maio de 2019.  
Unha vez finalizado o prazo, o día 5 de Xuño de 2019 publicaranse as listas provisionais de admitidos/as e de espera.
2. Os/as nenos/as admitidos/as disporán dende o día 6 de Xuño ata o 14 de Xuño de 2019, incluído, para facer efectivo o pago do importe, e acreditarlo nas Oficinas Municipais de A Valenzá.  
De non realizarse o pago da inscrición no prazo establecido perderase o dereito a praza reservada, que será ocupada polo seguinte solicitante na lista de espera.

O chamamento por lista de espera será mediante chamada telefónica. Considerarase como desestímulo e polo tanto anularase o inscrición existente na lista de espera:

- A non aceptación da proposta.
- A non recepción de contestación telefónica nun prazo de 48 horas.
- En calquera caso, a non realización do pago.

As listas definitivas serán publicadas o día 19 de Xuño de 2019.

As listas provisionais e definitivas serán publicadas nos taboleiros de anuncios das dependencias municipais e na páxina web do Concello, [www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)





### **Artigo 7. Lugar de presentación das solicitudes**

As solicitudes debidamente cumprimentadas presentaranse no Rexistro do Concello (Oficinas municipais de A Valenzá, do Concello e na sede electrónica [www.barbadas.sedelectronica.gal](http://www.barbadas.sedelectronica.gal)).

Poderán obterse tanto nas propias Oficinas Municipais como a través da páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es))

### **Artigo 8. Importe e forma de pago**

Para poder asistir o campamento o importe será 25€ por neno/a e por campamento, que se fará efectivo nun único pago.

O importe deberá ser satisfeito mediante ingreso bancario no seguinte número de conta:

ABANCA: ES21 2080 5342 5431 1000 9242

Indicando no concepto “**Campamentos rurais de verán 2019** e o **nome e apelidos do/a menor**.”

### **Artigo 9. Horario e lugar**

Os campamentos comenzarán o día 1 de Xullo e rematarán o día 31 de Xullo de 2019.

O horario será:

- De luns a venres: de 10:00 a 14:00 horas.

Os campamentos realizaranse nos locais sociais das parroquias do Concello que acaden o número mínimo de participantes.

### **Artigo 10. Normas de funcionamento**

É obrigatoria a asistencia. Un 25% de faltas sen xustificar dará lugar a baixa automática no campamento.

Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia:

- Xustificante médico por enfermidade ou ingreso do/a neno/a ou de familiar co que conviva.

No caso de que o comportamento dun neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederase a avisar a familia e a dar o/a de baixa no campamento.

A baixa do/a neno/a do campamento non dá dereito a devolución do importe pagado.





*A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.*

*O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento dos campamentos.*